



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ciencia política: Políticas públicas

Materia	Ciencia política: Políticas públicas			
Código	P07G092V01109			
Titulación	Grao en Dirección e Xestión Pública (Presencial)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Mahou Lago, Xosé María			
Profesorado	Canoura Leira, Victoria Mahou Lago, Xosé María			
Correo-e	xmahou@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** O obxectivo xeral desta materia é achegarlle ao alumnado os conceptos básicos e a metodoloxía de elaboración, execución e avaliación das políticas públicas coa intención de que, por unha banda, afonde na lóxica do proceso político-administrativo no seu conxunto e, por outra, se familiarice coas ferramentas que a ciencia política pon á disposición dos profesionais para aumentar a eficacia do proceso de elaboración e realización de programas públicos. En definitiva, ao final do curso, o alumnado poderá:

- Definir e documentar ordenadamente as diferentes definicións que nun momento dado se poidan establecer sobre un problema público.
- Identificar o público obxectivo dun programa e o público interesado dunha iniciativa pública.
- Recoñecer e valorar as solucións alternativas a un problema.
- Valorar os produtos e resultados dunha actuación pública.
- Coñecer os diferentes tipos de avaliación e a súa aplicación a cada fase do proceso de políticas públicas.

Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o alumnado demostre posuir e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita encontrarse a un nivel que, se bien se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
A2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que soen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A4	Que o alumnado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
A5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Analizar, sintetizar, resolver problemas e tomar decisións xestionando a información e o tempo
B2	Organizar e planificar a actividade profesional de maneira óptima
B3	Traballar en equipo e en contornas multidisciplinares
B4	Comprometerse eticamente e ter vocación de servizo público
B6	Aplicar o coñecemento relacionado coa dirección e xestión pública na práctica
C1	Identificar as principais teorías e enfoques da Ciencia Política, da Administración e Xestión Pública

C5	Describir a estrutura, a organización e o funcionamento das Administracións Públicas multinivel, analizando a súa relación coa cidadanía
C11	Planificar, implantar, avaliar e analizar políticas públicas
D1	Identificar o significado e aplicar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria
D2	Comunicarse de forma oral e escrita tanto nas linguas oficiais (castelán e galego) como nunha lingua estranxeira
D3	Sensibilizarse con temas medioambientais
D5	Integrar a aprendizaxe autónoma
D6	Adaptarse a novas situacións

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Expoñer ideas e solucións aos problemas que as administracións públicas deben abordar.	A2 A4		C5 C11	D2 D3
Valorar a aprendizaxe continua.	A5			D5
Emitir xuízos fundamentados no coñecemento acumulado sobre políticas públicas.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C11	D6
Recopilar e interpretar datos relevantes sobre problemas políticos.		B1		D1 D3 D6
Resolver posibles situacións de conflito.		B2 B6	C11	D6
Recoñecer o papel das administracións públicas no proceso das políticas públicas e aplicar o método de análise.			C5 C11	
Manifestar compromiso pola perspectiva de xénero.	A1 A3 A4			D1
Amosar empatía co traballo en equipo.		B2 B3		D2 D6
Manifestar compromiso co servizo público e ética profesional.	A2	B4		D1 D3

### Contidos

Tema	
Tema 1. As políticas públicas	1.1. As políticas públicas no seu contexto. O estado de benestar e a reformulación do modelo weberiano. 1.2. Orixe e desenvolvemento dos estudos das políticas públicas. 1.3. Definición de política pública. Tipos de políticas públicas. 1.4. Fases das políticas públicas.
Tema 2. Os actores do proceso de políticas públicas	2.1. Definición de actor. Recursos, obxectivos e roles. 2.2. As políticas como interacción entre actores: pluralismo, corporativismo e redes.
Tema 3. Definición do problema	3.1. A axenda política: a conversión do problema social en asunto político 3.2. A construción do problema "político"
Tema 4. Deseño e formulación das políticas públicas. A toma de decisión	4.1. A toma de decisión: os modelos racional e incremental. 4.2. Alternativas de acción: a análise prospectiva e a fixación dos obxectivos e medidas.
Tema 5. Implementación das políticas públicas	5.1. Definición de implementación. 5.2. Evolución dos estudos de implementación. Os modelos "top-down" e "bottom-up".
Tema 6. A avaliación das políticas públicas	6.1. Definición e obxectivos da avaliación. 6.2. Tipos de avaliación e utilidades

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	27	50	77
Resolución de problemas	6	44	50
Resolución de problemas	6	0	6
Resolución de problemas	6	0	6
Simulación	6	0	6
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

Debate	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	<ul style="list-style-type: none"> <li>□ Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado.</li> <li>□ Aprendizaxe colaborativa: enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal o estudiantado é responsable da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de responsabilidade compartida para atinxir metas e incentivos de grupo. É tanto un método, que se utilizará entre outros, como un enfoque global do ensino, unha filosofía</li> </ul>
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, o uso de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, o uso de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa disciplina. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, o uso de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Simulación	O/A estudante desenvolve as actividades nas que se reproduce ou representa de xeito simplificado, destacando os aspectos máis importantes, unha situación, ou un proceso da vida real ou hipotético obxecto de estudo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Simulación	O alumnado poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Probas	Descrición
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...

### Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas	Técnica do puzzle. Lectura dun texto sobre Estado de Benestar e exposición. Realización dun test final	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	D1 D2 D3 D5 D6
Resolución de problemas	Lectura dun texto sobre teoría de Políticas Públicas e resolución dun exercicio.	8	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	D1 D2 D3 D5 D6
Resolución de problemas	Técnica do puzzle. Lectura dun texto sobre o ciclo de Políticas Públicas e exposición. Realización dun test final	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	D1 D2 D3 D5 D6
Simulación	Traballo no que un grupo de estudantes simulan un actor participante nunha hipotética política pública de botellón. Entre todos os grupos deben debater sobre o problema e buscar medidas de solución.	22	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	D1 D2 D3 D5 D6
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test. 20 preguntas pechadas -con diferentes alternativas de resposta- O valor de cada pregunta é de 0,1 puntos. Por cada 3 preguntas mal contestadas restarase 1 pregunta ben.  Atención:  -Para sumar o valor do test e do exercicio, o alumnado deberá obter como mínimo no test 0,75 puntos e no exercicio 0,5 puntos.  -Para sumar o valor do test e do exercicio ao valor das prácticas, o alumnado deberá obter no exame final un mínimo de 1,25 puntos.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	10			C1 C5 C11	D1 D2 D3 D5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exercicio con dúas preguntas a partir da lectura dun texto.  Atención:  -Para sumar o valor do test e do exercicio, o alumnado deberá obter como mínimo no test 0,75 puntos e no exercicio 0,5 puntos.  -Para sumar o valor do test e do exercicio ao valor das prácticas, o alumnado deberá obter no exame final un mínimo de 1,25 puntos.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C5 C11	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

**O alumnado terán a oportunidade de formar parte, de xeito voluntario, dun Proxecto de Innovación Docente sobre a Axenda 2030 cuxa cualificación substituirá a unha das probas de avaliación.**

As/os estudantes que **non cumpran os requisitos da avaliación continua** deberán presentarse ao exame final que constará de **4 preguntas tipo tema** e a **realización de 2 prácticas**.

Na **segunda convocatoria** (convocatoria extraordinaria) cabe dous supostos:

1. Manterase a nota daquelas **actividades de avaliación continua superadas** pola/o estudante e realizará un exame de **3 preguntastipo tema** e **2 prácticas**.
2. O alumnado que non teña presentado **ningunha actividade de avaliación continua** (ou non chegara ao aprobado) débese presentar ao exame que constará de **4 preguntas tipo tema** e a realización de **2 prácticas**.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Aguilar Villanueva, L.F. (ed.), **La hechura de las políticas**, Miguel Angel Porrúa, 2000

Kingdon, J. W., **Agendas, Alternatives and Public Policies**, Scott, Foresman and Company, 1984

Moran, Michel; Rein, Martin; Goodin, Robert, **The Oxford Handbook of Public Policy**, Oxford University Press, 2008

Pérez Sánchez, Margarita (ed.), **Análisis de políticas públicas**, Universidad de Granada, 2005

Peters, Guy; Pierre, Jon, **Handbook of public policy**, Sage, 2006

Scharpf, F. W., **Games Real Actors Play**, Westview Press, 1997

## Bibliografía Complementaria

Aguilar Villanueva, L.F. (ed.), **La implementación de las Políticas Públicas**, Miguel Angel Porrúa, 1993

Bañon, Rafael; Carrillo, Ernesto, **La nueva Administración Pública**, Alianza Editorial, 1997

Meny, Yves; Thoenig, Jean-Claude, **Las políticas públicas**, Ariel, 1992

Subirats, Joan; Knoepfel, Perter; Larrue, Corinne; Varone, Frédéric, **Análisis y gestión de políticas públicas**, Ariel, 2008

Subirats, Joan, **Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración**, MAP, 1989

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

A información sobre as actividades avaliativas está dispoñible no espazo da materia no campus virtual, baixo a etiqueta Avaliación de cada tema.

O alumnado terá opción a presentarse á convocatoria extraordinaria (segunda convocatoria) a partir da adaptación que destas actividades realice o docente e cuxo contido será colgado da plataforma.

Será requisito necesario para o desenvolvemento da materia que o profesorado da mesma poida dispoñer dunha FOTOGRAFÍA actualizada\* do alumnado que deberán subir á plataforma a comezos de curso, e sempre antes do día 30 de setembro.

(\*) A única finalidade do tratamento deste dato é que o profesorado da materia poida verificar a identidade do alumnado matriculado na mesma.

A base de lexitimación para o tratamento deste dato realízase en aplicación do disposto no artigo 6.1e) do RXPD no que o tratamento é necesario para o exercicio dos poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento baseados no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 25.7 do RD 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.

O acceso á imaxe e aos datos persoais do alumnado só é permitido ao profesorado de cada materia para a realización das actividades académicas indicadas nesta guía docente e non serán utilizados nin divulgados para ningunha outra finalidade, debendo gardar o correspondente deber de confidencialidade dos mesmos.

---